

ENCUNTROS DE TRANSFERENCIA E INNOVACIÓN

ENCUNTRO DE TRANSFERENCIA E INNOVACIÓN EN NOVOS MATERIAIS

Presentación de retos e identificación de capacidades tecnolóxicas:
agosto – setembro 2023

Xornada de networking e reunións B2B:
28 de setembro de 2023

Os Encuentros de Transferencia e Innovación, organizados pola Axencia Galega de Innovación en colaboración coa Fundación Barrié no marco do Programa Ignicia Transferencia de Coñecemento, son un espazo de diálogo e interacción entre empresas e centros de coñecemento do Sistema Galego de I+D+i. O seu obxectivo é activar relacións de colaboración que culminen en procesos exitosos de valorización e transferencia.

Os materiais avanzados abren un amplo abanico de oportunidades de innovación en diversas industrias de distintos sectores. Propiedades como a resistencia, lixeireza, durabilidade e propiedades térmicas e eléctricas melloradas, permiten o deseño de produtos diferenciais de alto valor engadido, a optimización de procesos e o incremento da produtividade e a seguridade. Así mesmo, permiten avanzar cara un futuro máis sostible e orientado á economía circular, onde a eficiencia, a conservación de recursos e a redución de impacto ambiental son piares fundamentais para o desenvolvemento industrial.

Este Encontro de Transferencia e Innovación enfócase a propiciar conexións entre empresas e centros de coñecemento do Sistema Galego de I+D+i que poidan dar lugar a proxectos de valorización e transferencia no campo dos materiais avanzados, como por exemplo os aplicados á acumulación enerxética, a funcionalización de superficies e a xestión de residuos, entre outros.


Para iso desenvolveranse as seguintes actividades:



Identificación de retos empresariais

As firmas interesadas poderán propoñer as súas necesidades ou ámbitos de interese, podendo focalizarse en aspectos como a sostibilidade, as propiedades técnicas ou aspectos de deseño, entre outros ámbitos.

Para participar, será necesario cubrir o **seguinte formulario** e envialo a programacion.centros.gain@xunta.gal antes do 15 de setembro.



Busca de capacidades científico-tecnolóxicas


Partindo dos retos propostos, un equipo de expertos identificará de forma individualizada as capacidades científico-tecnolóxicas dos centros do Sistema Galego de I+D+i que respondan ás necesidades formuladas polas empresas.




Xornada de networking e reunións B2B

Unha vez conectados retos e capacidades, proporase a empresas e centros de coñecemento a celebración dunha reunión no marco dunha xornada de networking que terá lugar o 28 de setembro de 2023 na Materioteca de Galicia (CIS Tecnoloxía e Deseño, Ferrol).

PROGRAMA DA XORNADA DE NETWORKING E REUNIÓNS B2B

 Xoves 28 de setembro
10.00 – 13.30 h

 CIS Tecnoloxía e Deseño
A Cabana s/n. 15590 Ferrol

10.00 h

Benvida e apertura do acto

María José Mariño
Directora da Área de Centros de la Axencia Galega de Innovación

10.30 h

Innovación en materiais avanzados: tendencias, retos e capacidades

Iker Aguirre
Project Manager de Materially

11.00 h

Pausa café. Visita á Materioteca de Galicia

11.30 h

Reunións B2B

13.30 h

Peche da xornada

Organizan

Axencia Galega de Innovación
Fundación Barrié

Contacto

Axencia Galega de Innovación
T. 981 957 012
programacion.centros.gain@xunta.gal